



R compensará pola incidencia de onte os seus clientes con 20 gigas de datos extra gratis en todas as súas liñas de móbilR

- **O fallo produciuse mentres se realizaban traballos de mellora da rede de R para reforzar a conectividade e garantir a calidade dos servizos do operador**
- **R pide desculpas a todos/as os/as afectados/as e comprende o trastorno ocasionado nun momento tan extraordinario para todos/as eles/as, onde as telecomunicacións están a xogar un papel esencial**
- **O Director Comercial Masivo de R explicou que se compensará a todos/as os/as seus/súas clientes/as cun paquete de 20 gigas de datos en todas as liñas de móbilR**

Mércores, 6 de maio de 2020.- “Lamentamos moitísimo os trastornos que lles teña causado este problema técnico aos/ás nosos/as clientes/as no día de onte e pedimos as nosas máis sinceras desculpas a todos/as eles/as, asegurou Alfredo Ramos, Director Comercial Masivo de **R** e do Grupo Euskaltel”.

Ramos comentou tamén que “durante o estado de alarma tentamos en todo momento facilitarlles as comunicacións aos/ás nosos/as clientes/as regalándolles, entre outras cousas, bonos de datos para conectarse e navegar, o cal, esperamos, puidese minorar aínda que tan só sexa un pouco, os inconvenientes da incidencia de onte no noso servizo de internet”.

Alfredo Ramos engadiu que “sabemos que é case imposible compensar o tempo que os nosos clientes estiveron sen servizo, pero a nosa maneira de pedir desculpas desta volta será regalarlles outro bono de datos de **móbilR** aos/ás nosos/as clientes/as”.

A compensación consiste nun **bono de 20 gigas de datos extra gratis para todas as liñas de móbilR** que estará dispoñible a partir de mañá. O cliente non ten que facer nada para activalos, disporá deles automaticamente e poderá utilízalos durante un mes.

Esfuerzo permanente por garantir a conectividade e a calidade do servizo

O equipo de profesionais de **R** está a centrar a súa atención dende o comezo do estado de alarma en pór os seus servizos de telecomunicacións a disposición dos/as usuarios/as, que demandan, por unha banda, maior conectividade nos seus dispositivos para teletraballar e manter conversacións telefónicas ou videoconferencias cos seus familiares e amigos e, por outro, máis contidos de lecer, sobre todo de televisión.

Ramón Rodríguez, Director de Operación e Desenvolvemento de rede de **R**, asegurou que “os traballos de mellora da rede de **R** provocaron onte unha incidencia técnica que deixou sen servizo de internet durante unhas horas aos nosos/as clientes/as na comunidade. Seguiremos a traballar arreo para optimizar as inxentes posibilidades da nosa rede de fibra óptica e continuar ofrecendo un servizo de calidade, coma sempre fixemos”.

O problema no servizo de internet de **R** produciuse ás 13:00 h e comezou a recuperarse a partir das 14:00 h gradualmente ata as 18:00 h da tarde. Durante o tempo que durou a incidencia o servizo seguiu funcionando parcialmente pero producíronse cortes aleatorios en distintos puntos da rede.

R Comunicación
prensa@mundo-r.net
R.gal/euquedonacasa